



---

## CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE

Telf.: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)

---

### ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 30 DE NOVEMBRO DE 2017.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Beade, sendo as doce horas do día trinta de novembro de dous mil dezasete, baixo a Presidencia de D. SENEN POUSA SOTO, reúnen-se en sesión pública os señores membros do Concello de Beade, que de seguido se citan, para celebrar sesión plenaria de carácter ordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

- **D. JUAN ANTONIO SANTAMARÍA RODRÍGUEZ.**
- **D. MIGUEL ÁNGEL CARREIRO ESTÉVEZ.**

Non asiste D. Carlos Pousa Estévez, D<sup>a</sup>. Susana Fernández Pousa, D. Ángel González Vázquez e D. Alejandro Lodeiro Rodríguez. Os presentes están asistidos polo Secretario-Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde del Día, que resultan ser:

**1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESION CELEBRADA O DIA 4 DE MAIO DE 2017.-** Os membros presentes do Pleno, por UANIMIDADE, aproban a Acta da sesión do 4 de maio de 2017.

**2.- ACORDO CREACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.-** Vista a necesidade de crear unha Sede Electrónica neste Municipio co obxecto de permitir o exercicio do dereito que teñen os cidadáns a relacionarse coas Administracións Públicas por medios electrónicos, de conformidade coa Lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso Electrónico de los Ciudadanos.

Visto que a creación da Sede Electrónica axústase aos principios de publicidade oficial, responsabilidade, calidade, seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, neutralidade e interoperabilidade.

De conformidade co disposto no artigo 10 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso Electrónico de los Ciudadanos, a Presidencia propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Crear a sede electrónica do concello, dispoñible na dirección electrónica <https://beade.sedelectronica.gal> cuia titularidade, xestión e administración corresponde a este concello.

**SEGUNDO.** A sede electrónica axústase aos principios de publicidade oficial, responsabilidade, calidade, seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, neutralidade e interoperabilidade.

**TERCEIRO.** A sede electrónica será accesible aos cidadáns todos os días do ano, durante as vinte e catro horas do día. Soamente cando concorran razóns xustificadas de mantemento técnico ou operativo poderá interromperse, polo tempo imprescindible, a accesibilidade á mesma.

**CUARTO.** Tal e como establece a disposición final terceira da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso Electrónico de los Ciudadanos a los Servicios Públicos, os dereitos recoñecidos no artigo 6 desta Lei, poderán ser exercidos en relación cos procedementos e actuacións adaptados a ela; a estes efectos, o concello farao público na sede electrónica e manterá actualizado o catálogo de procedementos e actuacións.



---

## CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE

Telf.: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)

---

**QUINTO.** Establecer que a publicación no taboleiro de edictos da sede electrónica terá carácter complementario á publicación no taboleiro de anuncios municipal, sen perxuízo de que poida ser substituída por dita publicación electrónica nos casos en que así se determiñe.

**SEXTO.** Dende a sede electrónica accederase ao perfil do contratante do concello, cuio contido axustarsae ao disposto na normativa de contratación.

**SÉTIMO.** A sede electrónica terá o contido marcado na lexislación aplicable, debendo figurar en todo caso:

- a) A identificación da sede, así como do órgano u órganos titulares e dos responsables da xestión e dos servizos postos a disposición dos cidadáns na mesma.
- b) A información necesaria para a correcta utilización da sede, incluíndo o mapa da sede electrónica ou información equivalente, con especificación da estrutura de navegación e das distintas seccións dispoñibles.
- c) O sistema de verificación dos certificados dla sede e dos selos electrónicos.
- d) Un acceso ao rexistro electrónico e as normas de creación do rexistro ou rexistros electrónicos accesibles dende a sede.
- e) A información relacionada coa protección de datos de carácter persoal.
- f) O Inventario de información administrativa, co catálogo de procedementos e servizos prestados polo concello.
- g) La relación dos medios electrónicos aos que se refire o artigo 27.4 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso Electrónico de los Ciudadanos a los Servicios Públicos.
- h) Un enlace para a formulación de suxerencias e queixas ante os órganos que en cada caso resulten competentes.
- i) O acceso, no seu caso, ao estado de tramitación do expediente, previa identificación do interesado.
- j) A comprobación da autenticidade e integridade dos documentos emitidos polos órganos ou organismos públicos que abarca a sede que foran sido autenticados mediante código seguro de verificación.
- k) A indicación da data e hora oficial.
- l) O calendario de días hábiles e inhábiles a efectos do cómputo de prazos.

**OITAVO.** O concello publicará de xeito periódico e actualizado a información cuio coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública, todo elo de conformidade coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno.

Neste senso, o concello publicará:

- Información institucional, organizativa, e de planificación.
- Información de relevancia xurídica, esto é normativa propia, tanto ordenanzas ou reglamentos como ordenanzas fiscais ou ccalqueras outras disposicións de carácter xeneral.
- Información económica, presupostaria e estatística».

**NOVENO.** Habilítase a Alcaldía Presidencia para que adopte as medidas organizativas necesarias que permitan o desenrolo das previsións do presente acordo e poida modificar os aspectos técnicos que sexan convintes por motivos de normalización, interoperabilidade ou, en xeral, adaptación ao desenrolo tecnolóxico.

Os membros presentes do Pleno, por UNANIMIDADE, aproban a proposta da Alcaldía, quedando elevada a acordo.



## CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE

Telf.: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)

**3.- PRESUPOSTO MUNICIPAL 2018.-** Por Secretaría ponse de manifestó que non se poido celebrar a Comisión Especial de Contas, por falta de quorum, o que imposibilitou dictaminar o proxecto de Presuposto Municipal 2018 do concello.

Por elo, procede deixar sobre a mesa a aprobación do mesmo, o que se adopta por UNANIMIDADE dos presentes.

**4.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Neste punto prodúcense as seguintes intervencións do representante do Grupo Municipal Socialista:

1.- Pregunta si existe un obradoiro no pobo, e cantas persoas traballan do municipio.

A Alcaldía resposta que o obradoiro é da Mancomunidade do Ribeirio, traballando a muller de Paulino, Verónica, o seu fillo Manolo e a filla de Ilda.

Intervén novamente o Sr. Carreiro Estévez para manifestar que trátase dun trato de favor hacia o fillo do Alcalde, que xa participio en varios obradoiros, o que a Alcaldía resposta que non é así, dado que a selección faina a Mancomunidade.

2.- Pregunta pola situación dos montes no municipio, invadidos de acacias, o que se resolvería facendo unha empresa pública no pobo que limpara, dando traballo aos vecinos.

A Alcaldía resposta que non considera oportuno a creación da empresa pública, e que existe moita dificultade para limpalos, dado que a moitos non se lle coñece o propietario..

3.- Pregunta polos soldos dos funcionarios e persoal laboral do concello, considerando que se deberían de reducir polo tempo horario que fan. Solicita se amplíe o horario de apertura das oficinas.

A Alcaldía resposta wue mentras sexa Alcalde o horario é o fixado, xa que se atende axeitadamente o público, do que non existe queixa alguna. De existir alguna necesidade por parte de calquera persoa, sempre é atendida.

4.- Manifesta que a Alcaldía non goza do respecto do pueblo, e que é un cadáver político. Debería de deixar paso á xente nova e non só os seus familiares.

A Alcaldía resposta que vaise presentar ás próximas eleccións e que vainas gañar.

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a reunión, sendo ás doce horas e vinte minutos, de tódo-lo que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,



Asdo. Senén Pousa Soto.

O SECRETARIO,



Asdo. Pablo Fernández. Loureiro.